

## Acta da Comisión Permanente do día 24 de xuño de 2021

### Anexos:

- I. Convocatoria da Comisión Permanente do 24/06/2021.
- II. Asistentes á Comisión Permanente do 24/06/2021.
- III. Tribunais de TFG que xulgarán os traballos presentados nesta vindeira convocatoria.

Ábrese a sesión, en segunda convocatoria, ás 12 horas na Sala de Xuntas 1 da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía no Campus Remoto, presidida polo Subdirector de Infraestrutura e Asuntos Económicos, Don Francisco Javier Deive Herva, e se tratan os seguintes puntos na orde do día:

1. **Lectura e aprobación, se procede, da acta da sesión anterior: ordinaria celebrada o 21 de abril de 2021.**

A Comisión Permanente aproba, por asentimento, a acta da sesión anterior.

2. **Aprobación, se procede, de recoñecementos/validación/adaptación de materias/créditos.**

Non hai ningunha solicitude.

3. **Aprobación, se procede, doutras solicitudes relacionadas coa xestión académica: solicitudes de ampliación de matrícula, solicitudes de matrícula a tempo parcial, etc.**

Non hai ningunha solicitude.

4. **Nomeamento, se procede, dos tribunais de TFG, que xulgarán os traballos presentados para a súa defensa nesta vindeira convocatoria.**

O Presidente sinala que se achegaron 13 solicitudes (4 do GERME e 9 do GEE) e sinala que todas elas cumpren os requisitos pedidos. A continuación amosa as composicións dos tribunais propostos. Aclara que está pendente a confirmación dun dos membros propostos polo que propón delegar na dirección a composición definitiva dos tribunais.

Apróbase por asentimento a configuración dos tribunais.

**5. Aprobación, se procede, da inclusión no calendario de Prácticas de Campo e Saídas de Estudo para o segundo cuadrimestre do curso académico 2020/2021 dunha visita a Meirama e Vimianzo.**

O Presidente cede a palabra a M. Carmen Romo, Xefa do Negociado de Asuntos Xerais do centro, quen sinala que se trata dunha saída do Máster en Enxeñaría de Minas que xurdiu posteriormente á aprobación do calendario para o segundo cuadrimestre, que se levou a cabo o 18 de marzo co visto bo da dirección, e que precísase a ratificación da Comisión Permanente para a súa inclusión no calendario.

Apróbase por asentimento a inclusión da visita no calendario de Prácticas de Campo e Saídas de Estudos para o segundo cuadrimestre do curso académico 2020/2021.

**6. Rogos e preguntas.**

Carmen Pérez pregunta se os TFG van ser presenciais. O Presidente responde que si.

Sen máis asuntos que tratar, levántase a sesión ás 12 horas e 10 minutos do día de hoxe, do que como secretario dou fe en Vigo, a vinte e catro de xuño de dous mil vinte e un.

Vº e Prace  
O Presidente

O Secretario

Francisco Javier Deive Herva

Guillermo García Lomba

## ANEXO I

**Convocatoria da Comisión Permanente do 24/06/2021**

## ANEXO II

**Asistentes á Comisión Permanente do 24/06/2021**

<b>Asistentes á Comisión Permanente do 24 de xuño de 2021</b>
<b>Presidenta da Comisión</b>
Francisco Javier Deive Herva
<b>Secretario da Comisión</b>
Guillermo García Lomba
<b>Subdirector/a</b>
María Araújo Fernández
<b>Profesorado</b>
Alfonso Mandado Vázquez
M <sup>a</sup> del Carmen Pérez Pérez
<b>Estudantes</b>
Marta María Caride Pérez
Santiago Domínguez Blanco
<b>PAS</b>
M <sup>a</sup> Carmen Romo Pérez

Escusa a súa ausencia Belén Parente Artime.

## ANEXO III

**Tribunais de TFG que xulgarán os traballos  
presentados nesta vindeira convocatoria**